

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**6645** *Real decreto 460/2015, do 5 de xuño, polo que se aproba o Estatuto do Consello Superior de Deportes.*

O Consello Superior de Deportes é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, cuxas competencias e órganos reitores se regulan na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

Desde a publicación do Real decreto 2195/2004, do 25 de novembro, polo que se regulan a estrutura orgánica e as funcións do Consello Superior de Deportes, producíronse importantes cambios nas institucións con competencias en materia deportiva.

Así, o Consello Superior de Deportes viu modificada a súa estrutura e competencias mediante o Real decreto 185/2008, do 25 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Estatal Antidopaxe, que asume determinadas competencias exercidas ata ese momento polo Consello Superior de Deportes en materia de dopaxe. Mediante o Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, suprímense a Subdirección Xeral de Grandes Acontecementos Deportivos e a Dirección Xeral de Infraestruturas Deportivas. As competencias da primeira asúmeas o Gabinete do Presidente e da segunda, a Dirección Xeral de Deportes. O Real decreto 87/2013, do 8 de febreiro, recolle a modificación do Real decreto 811/2007, do 22 de xuño, polo que se determinan a estrutura, composición, funcións e réxime de funcionamento da Comisión de Control e Seguimento da Saúde e da Dopaxe e atribúelle ao presidente do Consello Superior de Deportes a designación do presidente da dita comisión, ata entón atribuída normativamente ao director xeral de Deportes.

Así mesmo, máis recentemente, a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, supuxo a asunción pola redenominada Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte das competencias que ata ese momento exercía o Consello Superior de Deportes en materia de protección da saúde dos deportistas.

Desde outra perspectiva, a actual situación económica manifestouse no ámbito deportivo, o mesmo que noutros sectores, obrigou a un redimensionamento das políticas impulsadas polo Consello Superior de Deportes e motivou a necesidade dunha revisión da súa estrutura.

Nese sentido, buscando unha mellor coordinación e control tanto dos créditos orzamentarios coma dos medios materiais e persoais asignados aos fins do Consello Superior de Deportes, considerouse necesario unificar as funcións horizontais e de xestión ordinaria nunha única unidade fronte ao modelo existente ata a data de separación en dúas subdireccións xerais con competencias coincidentes, tanto horizontais coma verticais.

Un aspecto que se debe ter en conta igualmente na actualización da estrutura do Consello Superior de Deportes vén derivado da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que motiva a conveniencia de establecer mecanismos que dean cobertura ao disposto nela, de xeito que o Consello Superior de Deportes conte cunha unidade especializada no papel da muller no mundo do deporte.

Por outra parte, a necesaria coordinación que conforme a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, debe existir no ámbito do deporte entre as distintas administracións públicas con competencia na materia, principalmente a Administración do Estado, a través do Consello Superior de Deportes, e as comunidades autónomas e cidades con estatutos de autonomía, exige a regulación da Conferencia Interterritorial para o Deporte, como órgano colexiado de cooperación dos previstos no artigo 5 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, baixo a presidencia do presidente do Consello Superior de Deportes.

Por todo iso, cómpre adecuar a estrutura do Consello Superior de Deportes co fin de garantir a maior eficiencia e eficacia na xestión das competencias encomendadas.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Educación, Cultura e Deporte, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xuño de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto do Consello Superior de Deportes.*

Apróbase o Estatuto do Consello Superior de Deportes cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Supresión de órganos.*

1. Quedan suprimidos os seguintes órganos con nivel orgánico de subdirección xeral:
  - a) A Subdirección Xeral de Inspección.
  - b) A Subdirección Xeral de Promoción Deportiva e Deporte Paralímpico.
  - c) A Subdirección Xeral de Deporte e Saúde.
  - d) A Subdirección Xeral de Infraestruturas Deportivas e Administración Económica.
2. Queda suprimida a División de Centros de Alto Rendemento Deportivo.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto.*

A aplicación deste real decreto farase sen aumento de custo de funcionamento e non suporá incremento de gasto público.

Disposición adicional terceira. *Referencias a comunidades autónomas.*

Todas as referencias ás comunidades autónomas contidas neste real decreto se entenderán feitas tamén ás cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional cuarta. *Limitación de remuneracións e indemnizacións por razón do servizo.*

1. Os membros pertencentes aos órganos colexiados adscritos ao Consello Superior de Deportes non percibirán ningunha remuneración derivada da súa condición de membros dos ditos órganos, nin polo exercicio das funcións inherentes á súa pertenza a eles.
2. Con independencia do número de membros que compoñen os órganos colexiados previstos no Estatuto, en aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 910/2012, do 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, os membros que excedan os límites previstos no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades, e normas de desenvolvemento, non terán dereito a ningunha indemnización, nin sequera de gastos de viaxe ou axudas de custo dos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Disposición adicional quinta. *Regulación da Conferencia Interterritorial para o Deporte.*

1. A Conferencia Interterritorial para o Deporte é o órgano colexiado de coordinación e cooperación entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, en materia de deporte, dos previstos no artigo 5.7 da Lei

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Estará composta polo presidente do Consello Superior de Deportes, que a presidirá, así como polo director xeral de Deportes do Consello Superior de Deportes, e polos responsables no ámbito do deporte, con rango, polo menos, de director xeral, ou que exerzan a dirección dos órganos ou entidades que xestionen esta materia, das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla. Actuará como secretario o subdirector xeral de Réxime Xurídico do Consello Superior de Deportes.

3. Poderá funcionar en pleno ou en grupos de traballo específicos. O Pleno da Conferencia reunirse en sesión ordinaria polo menos dúas veces ao ano e poderase reunir en sesión extraordinaria cando o convoque o presidente por propia iniciativa ou por solicitude, polo menos, da maioría dos seus membros.

4. Rexerase polo seu regulamento interno de funcionamento e, no seu defecto, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición transitoria primeira. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de subdirección xeral.*

1. As unidades e os postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de subdirección xeral quedarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aprobe a correspondente relación de postos de traballo adaptada á estrutura orgánica que se aproba mediante este real decreto. A dita adaptación en ningún caso poderá supor incremento de gasto público.

2. As unidades e os postos de traballo encadrados nos órganos suprimidos por este real decreto ou que resulten afectados polas modificacións de competencias establecidas nel adscribiranse, provisionalmente, mediante resolución do presidente do organismo, ata que entre en vigor a nova relación de postos de traballo do Consello Superior de Deportes e da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, aos órganos regulados neste real decreto, en función das atribucións que teñan asignadas.

3. Incorporarase como parte do persoal da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte o que figure, na data da súa constitución, na relación de postos de traballo do Consello Superior de Deportes correspondente á Subdirección Xeral de Deporte e Saúde.

Disposición transitoria segunda. *Tramitación de expedientes iniciados con anterioridade.*

Os expedientes e procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto serán continuados polas unidades que asumisen a competencia sobre as materias a que se refiran, a partir da aprobación da resolución do presidente do organismo citada no número 2 da disposición transitoria primeira.

Disposición transitoria terceira. *Funcionamento da Comisión Directiva.*

Os actuais membros da Comisión Directiva continuarán desempeñando as súas funcións ata o nomeamento dos membros, conforme o disposto no artigo 6 do Estatuto e a efectiva constitución do órgano, que se deberá realizar no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual o inferior rango sexan contrarias ao establecido neste real decreto e no estatuto que na súa virtude se aproba e, expresamente, o Real decreto 2195/2004, do 25 de novembro, polo que se regulan a estrutura orgánica e as funcións do Consello Superior de Deportes, así como o Real decreto 1242/1992, do 16 de outubro, polo que se regulan a composición e o funcionamento da Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do número 5 do artigo 2 do Real decreto 53/2014, do 31 de xaneiro, polo que se desenvolven a composición, organización e funcións do Tribunal Administrativo do Deporte.*

Modifícase o número 5 do artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. O presidente do Consello Superior de Deportes designará un secretario, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto, entre funcionarios de carreira pertencentes a un corpo do subgrupo A1, ao servizo da Administración xeral do Estado, que sexan licenciados en Dereito o graduados en Dereito. O tribunal será asistido por un vicesecretario designado polo presidente do Consello Superior de Deportes.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do artigo 5 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.*

Modifícase o artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 5. *Deportistas con discapacidade física, ou intelectual ou sensorial.*

1. Terán a consideración de deportistas de alto nivel os deportistas con licenza federativa estatal ou con licenza autonómica homologada, con discapacidade física, intelectual ou sensorial, que se encontren en posesión dunha licenza deportiva e que cumpran algúns dos seguintes requisitos:

a) No suposto de modalidades ou probas deportivas individuais, os que se clasificasen entre os tres primeiros postos en calquera das seguintes competicións: os xogos paralímpicos, os xogos xordolímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa da súa especialidade organizados polo Comité Paralímpico Internacional ou polas federacións internacionais reguladoras de cada deporte, e cuxas modalidades sexan recoñecidas polo Consello Superior de Deportes, sen prexuízo do que poida ser acordado excepcionalmente pola Comisión de Avaliación do Deporte de Alto Nivel.

b) No suposto de modalidades ou probas deportivas de equipo, os que se clasificasen entre os tres primeiros postos en calquera das seguintes competicións: os xogos paralímpicos, xogos xordolímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa da súa especialidade organizados polo Comité Paralímpico Internacional ou polas federacións internacionais reguladoras de cada deporte, e cuxas modalidades sexan recoñecidas polo Consello Superior de Deportes, sen prexuízo do que poida ser acordado excepcionalmente pola Comisión de Avaliación do Deporte de Alto Nivel.

2. Os deportistas de apoio dos deportistas con discapacidade física, intelectual ou sensorial, que teñan a consideración de deportistas de alto nivel, serán igualmente considerados deportistas de alto nivel sempre que participasen neste tipo de probas e que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que colaboren nos adestramentos e na competición de deportistas con discapacidade mediante esforzo físico de alta intensidade.

b) Que a actuación sexa simultánea á dos deportistas con discapacidade e se desenvolva durante toda a proba.

c) Que os deportistas de apoio figuren na clasificación oficial do campionato co resultado obtido e reciban a medalla no mesmo acto da entrega de premios que os deportistas con discapacidade.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para que, logo de cumprimento dos trámites legais oportunos, adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## ESTATUTO DO CONSELLO SUPERIOR DE DEPORTES

### CAPÍTULO I

#### Natureza e adscrición

##### Artigo 1. *Natureza e adscrición orgánica.*

1. O Consello Superior de Deportes é un organismo autónomo, dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que exerce directamente as competencias da Administración xeral do Estado no ámbito do deporte e que está adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Correspóndelle ao ministro de Educación, Cultura e Deporte a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade, así como o control de eficacia do organismo, nos termos previstos nos artigos 43 e 51 da citada Lei 6/1997, do 14 de abril.

##### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O Consello Superior de Deportes ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e funcións, e rexerase polo disposto na Lei 6/1997, do 14 de abril, na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas demais disposicións de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

##### Artigo 3. *Competencias.*

Correspóndenlle ao Consello Superior de Deportes o exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e as que se lle atribúan na normativa legal ou regulamentaria, así como o daquelas outras destinadas a desenvolver o artigo 43.3 da Constitución española.

### CAPÍTULO II

#### Estrutura organizativa do organismo

##### *Sección 1.ª Órganos do Consello Superior de Deportes*

##### Artigo 4. *Órganos do Consello Superior de Deportes.*

Os órganos do Consello Superior de Deportes son os seguintes:

1. Órganos reitores:
  - a) O presidente.
  - b) A Comisión Directiva.
2. Órganos de dirección e xestores:
  - a) A Dirección Xeral de Deportes.
  - b) As subdireccións xerais.

*Sección 2.ª Órganos reitores**Artigo 5. O presidente do Consello Superior de Deportes.*

1. O presidente do Consello Superior de Deportes, con rango de secretario de Estado, é nomeado e separado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte.

2. Correspóndelle ao presidente:

a) Exercer a representación e superior dirección do Consello Superior de Deportes.  
b) Presidir a Comisión Directiva do organismo.  
c) Impulsar, coordinar e supervisar as actividades dos órganos directivos e unidades do organismo.

d) Acordar coas federacións deportivas españolas os seus obxectivos e os seus programas deportivos, en especial os de deporte de alto nivel, orzamentos e estruturas orgánicas e funcionais daquelas.

e) Conceder as subvencións económicas e os préstamos reembolsables que procedan con cargo aos orzamentos do organismo.

f) Autorizar ou denegar a celebración en territorio español de competicións deportivas oficiais de carácter internacional, así como a participación das seleccións españolas nas competicións Internacionais. Todo isto sen prexuízo das atribucións que correspondan a outras autoridades, organismos e entidades.

g) Autorizar os gastos plurianuais das federacións deportivas nos supostos regulamentariamente previstos, determinar o destino do seu patrimonio, en caso de disolución, e autorizar o gravame e alleamento dos seus bens inmoables cando estes fosen financiados, total ou parcialmente, con fondos públicos do Estado.

h) Autorizar a adquisición de valores das sociedades anónimas deportivas nos termos establecidos na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e exercer a potestade sancionadora prevista respecto ás sociedades anónimas deportivas.

i) Conceder as distincións, condecoracións e demais premios deportivos do Consello Superior de Deportes.

j) Administrar o patrimonio do Consello Superior de Deportes, autorizar e dispor os gastos do organismo, así como recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos; autorizar as modificacións de crédito que procedan; celebrar os contratos propios da actividade do organismo e ditar no seu nome os actos administrativos.

k) Formular e aprobar as contas anuais, así como a súa rendición, ao Tribunal de Contas por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado e aprobar o anteproxecto de orzamento do organismo.

l) Exercer as demais facultades e prerrogativas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e, en particular, desempeñar aquelas outras funcións que non estean expresamente encomendadas á Comisión Directiva.

3. O presidente do Consello Superior de Deportes exercerá, así mesmo, na xestión do organismo, calquera outra función, facultade ou prerrogativa que lle atribúan ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte as disposicións en vigor en materia de persoal, orzamento, servizos e contratación, con excepción do exercicio das relacións institucionais coas Cortes Xerais e co Goberno que correspondan ao ministro titular do departamento.

4. Correspóndelle ao presidente do organismo a presidencia dos seguintes órganos colexiados:

- a) A Comisión Directiva.
- b) A Asemblea Xeral do Deporte.
- c) A Comisión de Avaliación do Deporte de Alto Nivel.
- d) O Comité Español de Deporte Universitario.
- e) A Conferencia Interterritorial para o Deporte.
- f) O Consello Reitor da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

5. A suplencia do presidente do Consello Superior de Deportes nos casos de vacante, ausencia e enfermidade corresponderá ao director xeral de Deportes.

Artigo 6. *Comisión Directiva.*

1. A Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes é o seu órgano reitor, de acordo co previsto no artigo 7.3 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e os seus actos porán fin á vía administrativa.

2. A Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes está composta por:

- a) Presidente: o presidente do Consello Superior de Deportes.
- b) Vicepresidente: o director xeral de Deportes do Consello Superior de Deportes.
- c) Vogais:

1.º En representación da Administración xeral do Estado, tres vogais nomeados directamente polo presidente do Consello Superior de Deportes, de entre titulares de órganos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, cun nivel mínimo de subdirector xeral ou equivalente.

2.º En representación das comunidades autónomas, un vogal nomeado polo presidente do Consello Superior de Deportes, por proposta delas.

3.º En representación das entidades locais, un vogal nomeado polo presidente do Consello Superior de Deportes, de entre os propostos pola asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

4.º En representación das federacións deportivas españolas, dous vogais nomeados polo presidente do Consello Superior de Deportes, por proposta delas.

5.º Tres vogais designados polo presidente do Consello Superior de Deportes entre persoas de recoñecido prestixio no mundo do deporte, por proposta do Comité Olímpico Español, do Comité Paralímpico Español, das ligas profesionais e das asociacións de deportistas profesionais.

Así mesmo, formará parte da Comisión Directiva, con voz pero sen voto, un representante do Servizo Xurídico do Estado.

d) Secretario: con voz pero sen voto, o subdirector xeral de Réxime Xurídico do Consello Superior de Deportes.

3. O mandato dos vogais establecidos nos ordinais 2.º, 3.º, 4.º, e 5.º terá una duración de catro anos.

4. Malia o previsto no punto anterior, os ditos vogais cesarán nos seus cargos con anterioridade ao seu mandato nos seguintes casos:

- a) Por petición propia.
- b) Por proposta do colectivo que representan.
- c) Pola perda da condición exercida pola cal foron propostos.

5. No nomeamento dos membros integrantes da Comisión Directiva deberase respectar o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

6. Son competencias da Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes as seguintes:

a) Autorizar e revogar, de forma motivada, a constitución das federacións deportivas españolas.

b) Aprobar definitivamente os estatutos e regulamentos das federacións deportivas españolas, das ligas profesionais e das agrupacións de clubs e autorizar a súa inscrición no rexistro de asociacións deportivas correspondente.

c) Designar os membros do Tribunal Administrativo do Deporte.



d) Suspender, motivadamente e de forma cautelar e provisional, o presidente e os demais membros dos órganos de Goberno e control das federacións deportivas españolas e ligas profesionais, e convocar os ditos órganos colexiados nos supostos a que se refire o artigo 43, b) e c), da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

e) Recoñecer a existencia dunha modalidade deportiva para os efectos da Lei do deporte.

f) Cualificar as competicións oficiais de carácter profesional e ámbito estatal.

g) Autorizar a inscrición das federacións deportivas españolas nas correspondentes federacións deportivas de carácter internacional.

h) Autorizar a inscrición das sociedades anónimas deportivas no Rexistro de Asociacións Deportivas.

i) Realizar os estudos, ditames e informes que lle sexan solicitados polo presidente.

j) As que lle atribúen expresamente outras normas regulamentarias de carácter substantivo.

#### Artigo 7. *Funcionamento da Comisión Directiva.*

1. A Comisión Directiva rexerese polas súas propias normas de funcionamento e, no seu defecto, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A Comisión Directiva reunirse, logo de convocatoria do seu presidente, en sesión ordinaria unha vez ao trimestre, como mínimo. Sen prexuízo da celebración de reunións presenciais, facúltase a Comisión Directiva para que, en casos de urxencia, adopte as decisións por medios electrónicos, mediante votación a través dos ditos medios e sen sesión presencial. Neste caso, remitiránelles a todos os membros do comité por vía electrónica o punto ou puntos da orde do día e a documentación correspondente, e daráselles un prazo máximo de dous días para que manifesten pola mesma vía a súa vontade ou opinión.

En todo caso, a Comisión Directiva constituirase validamente en segunda convocatoria cando concorran, polo menos, un terzo dos seus membros, ademais do presidente e do secretario ou de quen legalmente os substitúa.

3. Os acordos tomaranse por maioría dos asistentes. En caso de empate, dirimirá o voto do presidente.

4. A Comisión Directiva poderá elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Órganos de dirección*

#### Artigo 8. *Dirección Xeral de Deportes.*

1. Depende directamente do presidente do organismo a Dirección Xeral de Deportes.

2. Conforme o disposto no artigo 18.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, o director xeral de Deportes nomearase entre funcionarios de carreira pertencentes a corpos clasificados no subgrupo A1.

3. O director xeral de Deportes será suplido, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, polos titulares das subdireccións xerais, pola orde en que se recollen no número 3 do artigo 9.

4. Correspóndenlle á Dirección Xeral de Deportes as seguintes funcións:

a) Elevar ao presidente do Consello Superior de Deportes as propostas sobre obxectivos, orzamentos, estruturas orgánicas e funcionais e programas deportivos das federacións deportivas españolas, colaborando con elas e coas asociacións establecidas no artigo 12.1 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, apoiando a formación e o perfeccionamento dos deportistas de alto nivel, así como propondo os criterios para a clasificación como tales.

b) Elevarlle ao presidente as propostas sobre o plan estratéxico de subvencións ás federacións e préstamos reembolsables ás asociacións deportivas españolas e, de ser o caso, a outros entes e institucións, propondo a concesión das que procedan e impulsando a súa aplicación efectiva.

c) Proporlle ao presidente a autorización dos gastos plurianuais das federacións deportivas españolas nos supostos regulamentariamente previstos, o destino do seu patrimonio en caso de disolución e a autorización do gravame e alleamento dos seus bens inmobles cando estes fosen financiados total ou parcialmente con fondos públicos do Estado.

d) Proporlle ao presidente, logo de conformidade do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que se celebren competicións deportivas oficiais de carácter internacional no territorio español, así como que participen seleccións españolas en competicións internacionais.

e) Realizar estudos e estatísticas sobre competicións, os seus resultados e evolución técnica de deportistas, equipos, clubs e federacións, ou calquera outra que poida resultar de interese no ámbito deportivo, en colaboración coa Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

f) Elaborar anualmente, para a súa aprobación por parte do presidente, as relacións de deportistas de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas españolas e, de ser o caso, coas comunidades autónomas, de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente, e desenvolver programas para facilitar a preparación técnica, a súa incorporación ao sistema educativo e a súa plena integración social e profesional durante a súa carreira deportiva e, especialmente, ao final desta.

g) Exercer as competencias en materia de mediación e coordinación das ligas profesionais coas respectivas federacións deportivas españolas e elevar ao presidente a proposta de resolución dos conflitos de competencias que se poidan producir entre elas.

h) Xestionar os centros de alto rendemento que sexan de titularidade do Consello Superior de Deportes, e coordinar coas federacións e asociacións deportivas a súa utilización, así como elaborar plans e programas de tecnificación deportiva en coordinación coas federacións deportivas españolas.

i) Planificar, proxectar e construír as instalacións deportivas propias do Consello Superior de Deportes, e a administración e xestión do patrimonio do organismo, conservación e mantemento. Programar, en colaboración coas entidades territoriais, e levar a cabo, de ser o caso, os plans de construción, ampliación e mellora de instalacións deportivas, así como a actualización e adecuación da normativa de deseño e construción de infraestruturas e equipamentos deportivos e o asesoramento técnico nesta materia a outras administracións públicas, federacións deportivas e demais entidades deportivas e actualizar o Censo nacional de instalacións deportivas, en colaboración coas comunidades autónomas.

j) Promover e impulsar a mellora no rendemento e nos resultados dos deportistas mediante a realización de probas, estudos e investigacións científicas e tecnolóxicas relacionadas coa actividade física e co deporte, así como prestarlles asesoramento ás federacións e asociacións interesadas no coñecemento e na aplicación dos seus resultados, e conformar un fondo bibliográfico e documental sobre o deporte.

k) Exercer a representación do Consello Superior de Deportes en eventos internacionais que se organicen en España e nos consorcios ou noutros órganos administrativos que se encarguen da execución do programa e de certificar a adecuación dos gastos realizados aos seus obxectivos e plans, con ocasión da celebración de acontecementos deportivos declarados como de excepcional interese público, ou doutros de natureza análoga.

l) Colaborar coas comunidades autónomas na elaboración de plans de promoción da educación física e da práctica do deporte en todos os colectivos de poboación, así como fomentar os valores socioeducativos inherentes ao deporte.

m) Impulsar as accións organizativas e de promoción desenvolvidas polas asociacións deportivas, e programar, en colaboración coas comunidades autónomas, competicións deportivas escolares e universitarias de ámbito nacional e internacional.

n) Cooperar cos centros de alto rendemento e de tecnificación deportiva ou con outros destinados aos mesmos fins, que sexan titularidade das comunidades autónomas, entidades locais ou federacións deportivas españolas, propondo para estes efectos os correspondentes convenios de colaboración.

ñ) Propor, elaborar e desenvolver normas, actuacións e medidas dirixidas a remover os obstáculos que impidan a igualdade dos deportistas de alto nivel con discapacidade.

o) Propor, elaborar e desenvolver normas, actuacións e medidas dirixidas a asegurar a igualdade de trato e de oportunidades das mulleres e remover os obstáculos que impidan a igualdade ou xeren discriminación por razón de sexo, no ámbito deportivo.

p) Elaborar e desenvolver estudos, plans, programas e estratexias que fomenten a presenza das mulleres no ámbito da actividade física e do deporte en todas as idades, modalidades deportivas, niveis profesionais, órganos directivos e de goberno.

q) Promover e coordinar liñas de actuación que impulsen unha imaxe positiva, especialmente nos medios de comunicación, das mulleres no deporte, diversificada e exenta de estereotipos de xénero, en colaboración con institucións e organismos nacionais e internacionais.

r) Elaborar e propor resolucións de recursos ou reclamacións interpostos ante o Consello Superior de Deportes, normativa xeral, informes, convenios e instrumentos xurídicos de colaboración e procedementos administrativos.

s) Proporlle á Comisión Directiva do organismo:

1.º A aprobación dos estatutos e regulamentos das federacións deportivas, agrupacións de clubs e entes de promoción deportiva de ámbito estatal, así como a autorización da súa inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e o recoñecemento de novas modalidades deportivas.

2.º A autorización da inscrición das federacións deportivas españolas nas correspondentes federacións deportivas de carácter internacional e no Rexistro de Asociacións Deportivas.

3.º A aprobación dos estatutos e regulamentos das ligas profesionais, así como a autorización da súa inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas.

4.º A proposta sobre a autorización da inscrición das sociedades anónimas deportivas no Rexistro de Asociacións Deportivas.

t) Instruír os expedientes sancionadores polo incumprimento das obrigas establecidas na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, respecto ao accionariado das sociedades anónimas deportivas, e elevar ao presidente do Consello Superior de Deportes a correspondente proposta de resolución.

u) Elaborar o anteproxecto do orzamento, seguimento e análise da súa execución; a elaboración de plans e programas de investimentos; a xestión económica e financeira do organismo; levar a súa contabilidade e tesouraría, así como a xestión e tramitación da contratación administrativa do organismo.

v) Propor e executar a política de persoal do organismo, a previsión das súas necesidades e a elaboración das relacións de postos de traballo, dos programas de acción social e dos plans de formación.

w) Xestionar o réxime interior do Consello Superior de Deportes e a seguridade das súas instalacións.

x) Organizar e xestionar os servizos informáticos, así como elaborar estudos e propostas de racionalización de actividades e métodos de traballo.

y) Propor, no marco das competencias educativas da Administración xeral do Estado, a regulación e a ordenación das ensinanzas deportivas de réxime especial; propor a resolución dos procedementos de expedición de titulacións técnico-deportivas, así como de homologación, validación, equivalencia profesional e correspondencia formativa de estudos de carácter deportivo; propor os procedementos de acreditación de competencias

non referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, adquiridas mediante experiencia profesional e deportiva, ou por vías de aprendizaxe non formais; elaborar programas de formación permanente dos adestradores e técnicos, nos ámbitos profesionais e deportivos, e impulsar e desenvolver as restantes accións que lle correspondan ao organismo neste ámbito.

z) Xestionar os centros de titularidade estatal que impartan as ensinanzas deportivas de grao superior a distancia en todo o territorio nacional e colaborar con outras entidades para fomentar a creación e o desenvolvemento de centros que impartan este tipo de ensinanzas.

## Sección 4.<sup>a</sup> Órganos xestores

### Artigo 9. Órganos xestores.

1. Dependem directamente do presidente, con nivel orgánico de subdirección xeral:

a) O Gabinete, como órgano de apoio e asistencia inmediata ao presidente, coa estrutura e funcións que se establecen no artigo 10 da Lei 50/1997, do 27 de decembro, do Goberno, e no artigo 14 do Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

Corresponden, ademais, ao Gabinete as funcións relativas á planificación dos obxectivos, ao seu seguimento e á avaliación dos resultados, ás relacións internacionais, ao desenvolvemento da política do Consello Superior de Deportes en materia de cooperación internacional, ás relacións institucionais e ao protocolo, así como á redacción dos informes, estudos e textos que lle encomende o presidente.

b) A Subdirección Xeral de Deporte Profesional e Control Financeiro, á cal lle corresponden as seguintes funcións:

1.º Comprobar a adecuada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade das subvencións concedidas polo organismo, de acordo co previsto na lexislación sobre subvencións; inspeccionar os libros e documentos oficiais e regulamentarios dos entes beneficiarios delas, sen prexuízo das competencias que a lexislación sobre subvencións lle atribúe á Intervención Xeral da Administración do Estado, e propor as auditorías que se consideren necesarias e o alcance destas, nos supostos legalmente previstos.

2.º Exercer o control e o seguimento do accionariado das sociedades anónimas deportivas, así como a súa supervisión, e elevar as propostas de resolución que procedan de acordo coa normativa en vigor.

3.º Prestar asesoramento económico-financeiro ás federacións deportivas españolas e ás demais institucións deportivas, na medida en que as ditas entidades perciban subvencións con cargo a fondos públicos. Emitir os informes e estudos de xestión que se lle encomenden.

c) A Oficina de Prensa, á cal lle corresponde dirixir e manter as relacións informativas e de publicidade institucional cos medios de comunicación, difundir a información do organismo, así como dirixir e manter os contidos das páxinas web do Consello Superior de Deportes.

2. Está adscrita á Presidencia do Consello Superior de Deportes a Intervención Delegada, sen prexuízo da súa dependencia funcional e orgánica da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A Dirección Xeral de Deportes estrutúrase nas seguintes subdireccións xerais:

a) A Subdirección Xeral de Alta Competición, á cal lle corresponde a execución das funcións enumeradas nas alíneas a), b), c), d), e), f) g) e ñ) do número 4 do artigo 8.

b) A Subdirección Xeral de Promoción e Innovación Deportiva, á cal lle corresponde a execución das funcións enumeradas nas alíneas h), i), j), k), l), m) e n) do número 4 do artigo 8.

c) A Subdirección Xeral Muller e Deporte á cal lle corresponde a execución das funcións enumeradas nas alíneas o), p) e q) do número 4 do artigo 8.

d) A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico do Deporte, á cal lle corresponde o exercicio das funcións enumeradas nas alíneas r), s) e t) do número 4 do artigo 8 e á cal se adscriben o Rexistro de Asociacións Deportivas e a Secretaría da Comisión Directiva.

e) A Secretaría Xeral, á cal lle corresponde a execución das funcións enumeradas no número 4 u), v), w), x), y) e z) do artigo 8.

### CAPÍTULO III

#### **Réxime de persoal, patrimonio, contratación e recursos económicos**

Artigo 10. *Réxime de persoal, patrimonio, contratación e recursos económicos.*

1. O réxime relativo ao persoal, patrimonio e contratación do Consello Superior de Deportes será o establecido nos artigos 47 e 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Os recursos económicos do organismo poderán provir de calquera das fontes que se mencionan no número 1 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

3. O réxime patrimonial do Consello Superior de Deportes será o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. O Consello Superior de Deportes formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios coma adscritos, con excepción dos de carácter funxible, na forma establecida na Lei 33/2003, do 3 de novembro. Este será revisado anualmente con referencia ao último día do ano.

### CAPÍTULO IV

#### **Réxime económico-financeiro, orzamentario, de intervención, de contabilidade e de control financeiro**

Artigo 11. *Réxime económico-financeiro, orzamentario, de intervención, de contabilidade e de control financeiro.*

De conformidade co establecido no artigo 50 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, o réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e control financeiro será o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas demais disposicións vixentes sobre estas materias.